



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Adiós Brullos e Miñarso
Meixide e Chimiela
adiós mosiñas do Pindo
qu'eu voume para Fisterra
qu'eu voume para Fisterra
ai lalalo ai lalala.

O ferreiro vai na misa,
a muller vai no carbón-he,
os fillos quedan chorando
debaixo dun camastrón-he
debaixo dun camastrón-he
ai lalalo ai lalala.

O que me axude a cantar-e
heille de dar chicutate
e o que non me axudar-e
un veneno que o mate
un veneno que o mate
ai lalalo ai lalala.

“Tente dereita Bieita
que teu pai te quer casar-e.”
“Tan dereitiña me teño
que o vento me quer levar-e.”
“Tan dereitiña me teño
que o vento me quer levar-e.”

Ai la lara lala...

O amor que ha de ser meu-e
inda ha de vir aquí hoxe.
Se ha de vir inda non tarda
que ten o camiño lonxe
Se ha de vir inda non tarda
que ten o camiño lonxe
ai la lara lala...



Bonitiña a mais ben feita
así é como eu a quero,
nin mui blanquiña que espante
nin negra que poña medo
nin mui blanquiña que espante
nin negra que poña medo.
ai la lara lala...

Botádelle un asubío
botádelle un asubío
os mociños de Cabana,
non poden pasa-lo río.
Non poden pasa-lo río
non poden pasa-lo río
os mociños de Cabana
botádelle un asubío
ai la lara lala...

Mociñas de Rebordelo
arribarvos ó loureiro
que aí veñen os de Cabana
con ferreñas e pandeiro
con ferreñas e pandeiro
con ferreñas e pandeiro
mociñas de Rebordelo
arribarvos ó loureiro
ai la...

O noso curiña novo
cando vai para misar-e
tódolos santos do ceo
véneño acompañar-e
véneño acompañar-e
véneño acompañar-e.
O noso curiña novo
cando vai para misar-e
ai la...

No convento de Sobrado
hai un frade galiñeiro
que cando se pon ó sol-e
¡churras, churras! ¡ó poleiro!
que cando se pon ó sol-e
¡churras, churras! ¡ó poleiro!



Aló arriba na montaña
rapan os foles con unha fouzaña
así raparon ó mesmo gaiteiro
que leva tabaco do meu tabaqueiro.

Pote na posta,
mesa erguida;
o moito comer
fai doe-la barriga.

Mesa de xastre
que non ten pano
é porque non bota
remendos no ano.

“Di que é aquilo Marica
que está debaixo da cama”
“É o gato do convento
que vén ve-la gata parda.”
“É o gato do convento
que vén ve-la gata parda.”

Aló arriba na montaña
rapan os foles con unha fouzaña
así raparon ó mesmo gaiteiro
que leva tabaco do meu tabaqueiro.

Pote na posta,
mesa erguida;
o moito comer
fai doe-la barriga.

Mesa de xastre
que non ten pano
é porque non bota
remendos no ano.